

PICASSO – CUBISMO ANALÍTICO

OBRA: RETRATO DE AMBROISE VOLLARD

AUTOR: Pablo Ruiz **PICASSO**

CRONOLOXÍA: 1909-1910

ESTILO: Cubismo Analítico

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 92 cm x 65 cm

LOCALIZACIÓN: Museo Pushkin, Moscova



COMENTARIO

O Cubismo Analítico (1909-1912) nace despois do verán de 1909 en Horta de Ebro, cando Picasso ven disposto a un novo cambio na súa vida persoal e na súa forma de pintar. Desde o punto de vista biográfico, deixa Bateau Lavoir, a que fora a súa residencia e lugar de traballo desde que se instalara en París en 1904, e trasládase a un apartamento-estudo no Boulevard Clichy, preto da praza de Pigalle. A pesar de que lle vaticinaron o desastre económico ao lanzarse a súa investigación cubista, non lle foi mal. A súa fama non só non se resentiu, senón que a súa cotización subiu (as súas épocas azul e rosa teñen gran éxito) e pode permitirse certos luxos e, sobre todo, ter a liberdade de pintar o que queira. Persoalmente, a súa vida amorosa non vai tan ben, rompendo con Fernande Olivier en 1912. É curioso que esta etapa de infelicidade coincida co período menos emotivo do artista, o do Cubismo Analítico.

Desde o punto de vista artístico é un período de investigación. Durante estes anos, Picasso e Braque comparten experiencias, discuten e descubren novas posibilidades para a arte. Nesta etapa do Cubismo Analítico as gamas de cor son sobrias e tendentes á monocromía, co emprego de sienas, pardos, grises e azuis escuros. Esta case negación da cor é unha reacción moi dura contra os estilos tan inmediatos como o Impresionismo, o Divisionismo ou o Fauvismo, que apostaran decididamente pola cor como eixo da pintura. Os temas son músicos, algún retrato e numerosos bodegóns, pois o que lles importa é o ensaio da nova técnica, non o que representan.

As formas que se xeometrizaran na etapa anterior empezan agora a descomponerse. As imaxes convértense nunha serie de planos de tamaño desigual, descontínuos e cortados con complexos armazóns de liñas. O volumen e a profundidade dos obxectos desaparecen ante a infinidade de fragmentos en que se descomponen, a modo de cristalinos reflexos da realidade. Uns planos achégannos detalles afastados ou menores e outros nos afastan os que na figuración ao uso adoitaban estar no primeiro plano. A visión frontal e lateral superpóñense en planos contiguos, que se mesturan e invaden.

Ambroise Vollard, hábil marchante de arte famoso na época por ser amigo de numerosos artistas e poetas (Mallarmé, Zola, Apollinaire, Cézanne, Degas, Redon, Renoir, entre moitos outros), organizou en 1901 unha exposición individual de Picasso, que aínda non tiña vinte anos, na que incluíu máis de setenta e cinco obras. O seu é un dos retratos de amigos e marchantes que Picasso realizou nesta época, un dos primeiros que fixo no seu novo estudo parisiño do Boulevard de Clichy, tras as experimentacións cubistas en Horta de Ebro. O cadro pertence ao Cubismo Analítico, coas súas composicións cada vez máis complexas e herméticas.

O retrato descomponse no fondo, que o fagocita e o aprisiona, borrando en parte o busto, pero conservando o rostro que, aínda executado con arranxo e criterios estritamente cubistas, non perde a extraordinaria semellanza co modelo. O nariz poderoso, a alta fronte calva e os ollos semicerrados destácanse do fondo polos seus tons claros e cálidos e pola lixeira tregua lograda polo rostro respecto dos ritmos angulares que caracterizan o resto da composición. A pesar de que moitos amigos e colegas do marchante non consideraban na época que o cadro se lle parecece, el mesmo contaba que o fillo de catro anos dun coñecido dixo ao velo por primeira vez: *É Vollard!*

Neste cadro, que respira o estilo analítico das primeiras pezas cubistas de Picasso, as cores son reducidas, pois só utilizaba tons ocres, negros e grises, porque o que lle interesaba era a forma e o volumen, non a cor. Buscaba descompoñer o modelo en facetas e logo volver a construílo de xeito que puidésemos velo desde varias perspectivas diferentes coma se fose unha escultura.

O cadro é revelador do método utilizado polo artista, que nestas obras introduce elementos facilmente recoñecibles polo contemplador, ao cal serven de guía e ofrecen un recurso para a comprensión daquelas, e ao mesmo tempo mostra unha paradoxal semellanza cos modelos.

A importancia do Cubismo Analítico reside en que o cubismo non é un procedemento, senón unha estética, que ten unha relación con todas as manifestacións do pensamento contemporáneo e, ao mesmo tempo, impuxo unha nova orde mental fronte ao cadro. Quen mira a obra ten que intervir e reflexionar, apoiándose nas características plásticas dos obxectos esbozados como formas.

O cambio fundamental estaría tamén na intención que se ten ao pintar, o que se quere facer é transmitir coa arte cubista, é dicir, a procura por plasmar o táctil, o sonoro, o sensitivo, o temporal, na realidade da pintura. Un desvelo por traspasar o plano meramente bidimensional do lenzo cara a unha nova sensibilidade na arte, por quebrantar a corporeidade dos obxectos plasmados na creación dun novo espazo pictórico.